

## FORMACIÓN PRÁCTICA EN FERRAMENTAS DIXITAIS : ZOOM, TRELLO, GOOGLE

**DURACION** 8h, a través de Zoom.

**DATAS** 16, 23, 30 de xuño e 7 de xullo, de 16:30 a 18:30h

**CONTIDOS** Na primeira sesión desta formación abordarase o concepto de transformación dixital, os seus pros e contras, principais medos, problemas, vantaxes, etc. Posteriormente, levaranse a cabo 3 sesións que nos permitirán aproximarnos a Zoom, Trello e Google para ver as súas principais funcionalidades, desde un enfoque eminentemente práctico.

- Sesión 1: Introducción ás ferramentas dixitais. Transformación dixital. Teletraballo e Covid-19.
- Sesión 2: Zoom
- Sesión 3: Trello
- Sesión 4 Google: Drive, Gmail, Meet...

**DOCENTES** **Pablo Osorio Diéguez.** [Sesión 1]

Licenciado en CC. Políticas e da Administración pola USC e International MBA polo Instituto de Empresa de Madrid.

Docente dos certificados de profesionalidade de mercadotecnia e comunicación, xestión comercial de vendas e creación de empresas. Mentor en emprendemento para diversos organismos e institucións: ICEMAR e SUCEDA de UVigo, Vigoemprende, Vigo Xoven Emprende, Fundación Ronsel, Fundación Roberto Rivas, Emprende Tics ou Consellería de Medio Rural... entre outras e Consultor estratéxico por conta propia.

[Linkedin Pablo Osorio](#)

**Ana María Adán Míguez** [Sesións 2 e 3]

Scrum Master. MBA. Especialización en Mercadotecnia Dixital. Licenciada en Económicas pola UDC. Retail Manager en Auchan Retail España.

Docente en metodoloxías de xestión AGILE e ferramentas dixitais aplicadas. Xestión comercial e de equipos. Docente en ferramentas dixitais e metodoloxías Agile: Scrum Master. Responsable da implementación de metodoloxías de organización Agile en hipermercados Alcampo. Desenvolve o seu proxecto: ANACO Desenvolvemento Rural.

[Linkedin Ana Adán](#)

**Avelino Correa Márquez.** [Sesión 4]

Informática de Xestión. Emprendedor e Consultor TIC e Docente dos certificados de profesionalidade de vendas.

Mentor en emprendemento para diversos organismos e institucións: ICEMAR, Concello de Mos. Máis de 5 anos asesorando e mentorizando a Startups e participando en talleres de emprendemento en diversas institucións. Organizador de eventos de emprendemento e de educación e colaborador de eventos relacionados coa capacitación de formadores (Trainers for the future).

[Linkedin de Avelino Correa](#)

**PREZOS**

- Persoas colexiadas en activo: 35€
- Persoas colexiadas en desemprego: 25€
- Persoas non colexiadas: 50€

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comezo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.